

Cando ela aparecía baixando pola rúa soaba música de fondo. Ao seu redor xa non había tempo, o mundo facíase a un lado, e cada paso era un paso de baile. Ou polo menos así era como eu o sentía. A cidade, os coches, as estrelas no alto, todo, todo era decorado. A vida parecía un inmenso escenario disposto para nós os dous, e eu estaba tolo por ela.

E, con todo, agora non podo deixar de lembrar en branco e negro. E debería pensar nela, corazón. No seu sorriso, na súa luz, nas cores dos seus ollos e dos seus beizos. Nas grilandas enroscadas nos seus pés e no ronsel de confetti que deixaba tras de si. Pero non podo, e iso é o que volve á miña cabeza, unha e outra vez. Aquela foto. Unha praia baleira. E o mar...

1

Ti sempre me facías rir

Cando me asomei á porta do taller recoñecín a súa figura ao fondo, recortada contra a claridade que se coaba a través dunha fiestra de vidros sucios, cheos de po e arañeiras. Metido nunha funda de traballo negra, permanecía de pé, sen apenas moverse, e a penumbra en que se atopaba o resto da nave deixaba a luz xusta para adiviñarlle unha expresión estraña no rostro. Parecía ausente.

—Hei.

Pero Gordo non respondeu. Nada máis facía que fretar as mans nun pano sucio, manchado de aceite. Unha e outra vez, con insistencia. Como se quixese limpar de golpe toda a sucidade do mundo e decidise comezar polas súas propias mans.

—Hei! —insistín ao tempo que me fun achegando a el—. Que pasa, seica non pensas saudar ou que?

Tropecei con algo ao pasar a carón dunha das mesas. Non sei, algún tipo de chave metálica que alguén, imaxino que el mesmo, deixara demasiado asomada ao bordo. Fixo ruído ao caer, e, entón si, reaccionou. Ergueu a cabeza moi aos poucos e observoume en silencio, cos ollos entornados. Sorrín ao cruzarme coa súa ollada. Definitivamente, Gordo parecía ido,

como se aínda levase enriba os restos da última festa. Engurrou a fronte e, por un segundo, tiveron a sensación de que non me recoñecera. A piques estaba de lle dicir algo cando, por fin, tamén el se decidiu a devolverme o sorriso, se ben aínda sen abandonar de todo aquela expresión tan estraña.

—Logo era certo —contestou—. Volviches...

Non fora un alumno brillante, nin moito menos un bo estudante, e desde logo sempre quedou moi lonxe de ser unha persoa popular. Pero era o meu amigo, e iso bastaba para todo. Supoño que aquí podería contar que nos coñecemos na escola, que a Gordo lle chamaban Gordo porque de neno era un rapaz gordo, e porque aos demais rapaces lles importaba un nabo iso de ser politicamente correctos (se é que tal cousa se pode dicir sen caer nunha contradición enorme). Podería contar que nos entendemos desde o primeiro día, e supoño que, xa postos, incluso podería engadir algunha anécdota que servise para comprender mellor a nosa lealdade, como aquela da primeira vez, cando el soño lle partiu a cara aos tres gorilas da escola que estaban a se meter comigo e despois estivo expulsado catro semanas, unha por cada dente que os mamalóns aqueles tiveron que andar a buscar polo chan. Pero para que. Aquí o que importa é que Gordo e mais eu eramos amigos, e con iso debería bastar.

Do mesmo xeito, igual tamén podía estenderme e gastar unha morea de tempo explicando que eu non son de aquí. Que non nacín en Gondomar. Que son un deses casos aos que, cando os pais deciden deixar a cidade para mudarse a unha vila máis tranquila, non lles queda máis remedio que tragar e volver comezar de cero nun espazo que outros escolleron por

ti. Pero é que iso agora dá igual. Dá moi igual... Non creo que sexa o primeiro rapaz que marcha da cidade para vivir no campo, deixando atrás unha vida que igual non era moito pero que era a súa, uns amigos que igual non eran os mellores pero eran os seus, e un mundo que igual non era moi grande pero que xa comezaba a ser o seu. Non, en realidade agora iso importa ben pouco.

Aquí o único que importa é que Gordo e mais eu eramos amigos desde nenos, moi amigos. Pasamos boa parte da escola xuntos, vacilando os mestres, rindo de todo e de todos. Unha vez prendémoslle lume ao caderno de notas do xefe de estudos, e prenderíámoslle lume ao mundo se o mundo se puxese a tiro. Pero non se puxo... Para cando chegou o tempo de ir ao instituto, os meus pais decidiron meter man no asunto. Gordo nunca lles gustou. Dicían que non era unha boa compañía, que andaba metido en problemas, que... Ben, o que sempre se di nestes casos. E aí foi onde os nosos camiños comezaron a tomar direccións diferentes. O meu pai é médico, xefe de neurocirurxía no Clínico. É fillo de médico, e é neto de médico. Así que, necesito explicalo máis? O home tiña tan claro que o meu camiño era unha prórroga do seu que, postos a soltar a verdade, non foron poucas as veces que sentín que máis que un fillo o que o meu pai tivera fora unha fotocopia. Por suposto, este non era o caso de Gordo. A súa casa era como un silencio pactado, un deses segredos que en realidade coñece todo o mundo. Unha desas dores que a xente sabe e murmura polas esquinas. Un espazo escuro no que apenas se escoitaba unha voz por riba doutra. Lembro ir xogar algunha vez a aquela casa cando aínda eramos nenos. Gordo vivía nun deses pisos vellos no centro da vila cunha irmá que nunca falaba, unha nai que nunca sorría e un

pai que cada vez que aparecía pola porta conseguía que as dúas anteriores falasen e sorrisen aínda menos. Co tempo, o pai, un pobre diaño, acabou marchando da casa. Sempre souben que pasara algo, aínda que nunca quixen preguntar o que. Para que? Se Gordo necesitaba contalo xa o faría. Ademais, de todos os modos para entón nós xa non nos viamos nunca na casa. Quedabamos na rúa, no parque, nos primeiros bares. Mentres eu comezaba a prepararme para a carreira marcada polo meu pai sen importarme nada realmente demasiado, Gordo sacou un deses módulos de formación profesional, de maneira que para cando eu rematei o bacharelato el xa levaba un ano traballando no taller de Luís, o mecánico da vila. Aí o deixara cando marchei a estudar ao outro lado do Atlántico.

E aí seguía agora, case un ano despois.

—Iso parece —respondinlle—, volvín. Que pasa, que xa o sabías?

Gordo apertou os beizos e ladeou a cabeza.

—Si —admitiu ao tempo que secaba a suor da fronte co pano que levaba nas mans—. Xa sabes, esta vila é moi pequena... Non sei, creo que alguén mo comentou por aí.

Asentín en silencio.

—Xa —respondín—, imaxínoo. Pois desculpa que non te avisase antes, pero é que viña con outra idea na cabeza e...

—Outra idea? —atalloume.

Mirei para outro lado antes de responder.

—Xa sabes...

—Pois non —respondeu Gordo, volvendo fretar as mans co mesmo pano—, a verdade é que non sei.

Chasquei a lingua.

—Levo toda a mañá tentando falar con ela —respondín á vez que negaba coa cabeza—. Pero non hai maneira, neno, vese que ela non quere falar comigo. E o mesmo desde onte. Ben —engadín ao cabo dun anaco—, nin desde onte, nin desde vai un monte de tempo. Non sei, tío, creo que xa non quere saber nada de min...

Desconcertado, Gordo engurrou o cello.

—Pero, a ver, espera, de que me estás falando? Que queres dicir con que non quere saber nada de ti?

Quedei mirando para o chan, de novo negando en silencio. Ela nunca encaixara ben o da miña partida. Nunca, desde antes incluso de que marchara. «A Boston... —repetira logo de que eu llo dixera—. Iso queda bastante máis lonxe que Santiago, non cres?» Tentei convencela, explicarlle que nada máis sería un ano, que para as vacacións xa estaría de volta. Pero non funcionou.

Unha vez alá fixen todo o posible por manter a comunicación. WhatsApp, Skype... Pero co mesmo éxito. Porque sempre era eu o que chamaba e, cando contestaba, era para responder con monosílabos. As respostas máis longas sempre estaban no que calaba. Nos acenos distantes, nos indiferentes. Nos seus ollos, nun mirar que non falaba de nada bo. Ao final foi ela quen me pediu que non a chamase máis. Que xa non tiña sentido, e que a deixase en paz. Doeume, pero acabei aceptándoo. Dixen «si». E non volvín chamar.

Ata que non puiden máis, claro.

Un mes antes de decidir regresar volvín intentalo. Custoume, pero ao final convencina para que me escoitase. Díxenllo, mira, non podo facer como se non existises. Non deixo de estrañarte. Quérote. Pero ela non respondía nada. Miraba

para outro lado. Calaba. Pero se teño que dicir a verdade, eu creo que tampouco acababa de dicirme que non. De maneira que tomei a decisión.

Lembro perfectamente aquela videochamada. Expliqueille que volvería antes de tempo. Que estaba disposto a deixalo todo. Pensei que lle parecería suficiente mostra. Pero para a miña sorpresa tampouco esta vez dixo nada. Limitouse a ollarme a través da pantalla do ordenador e cortar a comunicación. Si, foi ela quen cortou. Pero que podo dicir?, eu xuraría que antes de que a imaxe desaparecese do monitor ela comezara a asentir. Xuraríao.

E agora Gordo ollábame sen dicir nin unha palabra.

—Ou sexa, que cres que che estaba a dicir que si.

—Non o sei...

Pasei as mans pola cabeza, estirando o cabelo cara a atrás.

—Non sei canto é o que creo e canto o que quero crer —admitín ao cabo.

—Xa vexo...

—Oes, ti non saberás nada dela, non?

Gordo arqueou as cellas.

—Eu?

—Non sei, igual a viches pola vila, se cadra falou contigo. Talvez che dixo algo que...

Gordo quedou mirando para min, un aceno de incredulidade no rostro.

—Veña, Teo, de que estás a falar? Pois claro que a vin, algunha vez nos cruzamos por aí. No Rañolas, no Teques... Xa sabes, esta é unha vila pequena. Pero en serio, de verdade cres que ela me diría algo? —deixou correr un sorriso incómodo—. Que non che pareza mal, tío, pero por moi amigos que ti

e mais eu sexamos, para esa rapaza eu nunca fun moito máis que a merda dun can que pisas pola rúa.

Asentín en silencio, resignado.

—Xa... Pois vaia plan, neno.

—Por?

Volvín chascar a lingua con desgana.

—Pois por que vai ser? Porque cheguei onte, antes de tempo, deixando o curso a medio rematar e plantando un feixe de exames por facer. Na casa teño unha verbena do quince, cos meus pais dunha mala hostia enorme, e todo para que agora ela non queira nin saber de min.

—Tentaches contactar con ela?

—E non cho estou dicindo? Unha morea de veces, tío. Chameina, mandeille un monte de mensaxes... Pero nada. O único que teño é isto.

Saquei o meu teléfono móbil e amoseille a Gordo a foto. Ollouna por un intre e logo quedou mirando para min.

—É de onte.

Gordo mantivo a ollada fixa na pantalla do meu móbil.

—Sabes onde é, non?

—Si, claro.

—Pois iso mesmo. E xa non sei que merda pensar, Gordo. Teño a cabeza a piques de estoupar. Eu só quero falar con ela, pero xa non sei que facer, tío...

E entón Gordo volveu quedar en silencio, pero esta vez sen deixar de observarme fixamente. Mantiña os ollos entornados, case pechados, nun aceno de concentración absoluta. Eu tamén quedei mirando para el, e por un intre tiven a sensación de que o meu amigo estaba a sopesar algo verdadeiramente serio, grave. De novo coa cabeza lixeiramente ladeada, Gordo mantiña

esa expresión. A do observador, a de quen está a considerar a posibilidade de responder unha desas cuestións importantes que de cando en cando a vida nos chanta diante. E así permaneceu por un bo anaco ata que, de súpeto, recuperou o sorriso.

—Que?

Pero non dixo nada.

—Que?!

Pouco a pouco, Gordo comezou a negar coa cabeza.

—Non sabes nada...

—Como dis?

—Que non sabes nada —repetiu.

—Como que non sei nada? De que raio me estás a falar?

Sorriu aínda máis, ao tempo que acenaba ao seu redor.

—Da vida. Das mulleres. De nada.

E daquela volveu calar, observándome aínda con aquel sorriso críptico.

—Mira —dixo á fin—, a ti o que che pasa é que non sabes que é o que necesitas realmente.

—Pois claro que o sei —respondín con fastío—, necesítoa a ela.

Gordo volveu negar en silencio, aínda sen deixar de sorrir.

—Non —rexeitou con xesto seguro—. Iso é o que ela quere que penses. E por iso fai todo iso que me contas, o de asentir mirando á camariña xusto antes de cortar, o de colgar fotiños de praias baleiras no Instagram e toda esa merda. Pero non, tío, así non se fan as cousas. E se non quere responderche, pois que lle dean.

—Home, Gordo, eu tampouco creo que haxa que falar así...

—Que lle dean! —repetiu—, porque iso non é o que ti necesitas. Ou polo menos non agora.

Engurrei o cello e olleino de esguello.

—Ai, non?

—Non —insistiu, ao tempo que comezaba a facer máis e máis grande o seu sorriso.

—E que é o que necesito, daquela?

E ese foi o momento. O intre exacto en que o seu sorriso se volveu afiado, animal. Esoutro sorriso que, agora si, eu tan ben coñecía.

—Amigo... O que ti necesitas é unha boa festa.